



fwwwrando

Edición xestionada por [Vieiros e o Colexio de Xornalistas de Galicia](#)

RECIBE O GALARDÓN "COMPUTERWORLD 2006"

## Premio ao Cesga polo esforzo cara aos cidadáns

FORO

A sección onde deixares [as túas opinións](#), comentarios ou suxestións e debater con outros internautas.

[09/06/2006 11:02] Concedido polo semanario [ComputerWorld](#), o galardón recoñece "á entidade que máis apostou polo benestar do cidadán, convertíndoo no centro da xestión pública grazas ás Tecnoloxías da Información e das Comunicacions". O premio foille entregado ao Centro de Supercomputación de Galiza, o [Cesga](#) este xoves en Compostela durante a celebración do primeiro Foro de Modernización TIC 2006.

Trátase dun recoñecemento que valora o esforzo do Cesga para "mellorar a relación coa sociedade", destacando o abano de proxectos nos que o centro participou desde a súa creación e que acadaron resultados que implican "melloras tanxíbeis para distintos grupos de cidadáns e o seu contorno". O ComputerWorld 2006, no seu apartado para o destaque do labor de entidades de todo o Estado, quixo subliñar así o esforzo realizado pola institución galega "para mellorar a calidade de vida dos cidadáns a través do I+D+i e de servizos eficaces, flexíbeis e transparentes". Recoñeu o galardón o director xeral de I+D+i da consellaría de Innovación e Industria, Salustiano Mato de la Iglesia, en calidade de presidente do Cesga.

Creado en 1993, o Centro de Supercomputación de Galiza promoveuse como centro de cálculo e comunicacións de altas prestacións, dándolle servizos avanzados á comunidade científica galega, ao sistema académico universitario e ao Consello Superior de Investigacións Científicas. Desde a súa posta en marcha realizou máis de cen proxectos de I+D+i en eidos diversos, desde a educación á saúde, pasando pola formación e os diferentes ámbitos de investigación requiridos. O seu labor abrangue tres metas básicas: promover servizos comúns de apoio á investigación, o desenvolvemento e a innovación no ámbito das tecnoloxías da información e das comunicacións en Galiza e na comunidade investigadora do CSIC; promover accións tendentes á innovación e á mellora na prestación de servizos de cálculo intensivo e comunicacións avanzadas e promover proxectos de I+D+i dirixidos á mellora da calidade, dispoñibilidade e accesibilidade dos datos que informan e tecnoloxías que serven de base ás relacións entre: a actividade dos investigadores, a estratexia competitiva dos axentes produtivos, a acción das administracións, a decisión dos poderes executivos, a actividade legislativa e a vida dos cidadáns.

OUTRAS NOTICIAS

- ❑ [Internet sen Peaxes](#)
- ❑ [A polo Galiza.gal: comeza a conquista do dominio](#)
- ❑ [Na procura do home imán](#)
- ❑ [As discográficas xuran contra o "inimigo" internet](#)
- ❑ [A rede estuda os palabrons](#)

- ❑ [O Concello de Ames transmitirá o sinal de La Sexta a través rede municipal de repetidores](#)
- ❑ [Tarxeta sanitaria, permiso de conducir, documento de identidade... por que non un só e-carné?](#)
- ❑ [R manexa un plan de 220 millóns de euros para chegar ao 60% dos fogares galegos](#)
- ❑ [Un grupo editorial francés non quere os seus libros na rede](#)
- ❑ [O Diario Oficial da Generalitat podería estar só en formato dixital](#)

© Vieiros